

DO REVÉS 2

Kelsey Mann, 2024

1320

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2024 | V.O.S.E. / V. E. | TP | 100 min

Disney e Pixar presentan a secuela de "Inside Out" (2015) na que regresamos á mente dunha Riley recién entrada na adolescencia xusto no intre en que o Cuartel Xeral está a sufrir unha reforma para lle facer oco a algo totalmente inesperado.

«A nova entrega é todo o que cabería agardar e máis: emotiva, emocionante, un derroche de imaxinación»

Mariajo Arias, KINÓTICO



Pixar recupera o seu mellor nivel

Por Diego Batlle

Cando unha produtora como Pixar consegue un éxito de crítica e público (case 860 millóns de dólares de recadación só no seu paso polos cinemas) como *Do revés* (2015), a tentación de seguir espremendo a saga é cada vez máis forte, sobre todo se - como vén ocorrendo nos últimos anos- o estudio propiedade do grupo Disney non está a pasar polo seu mellor momento artístico. Nese sentido, pode afirmarse que esta secuela dirixida polo debutante Kelsey Mann sae máis que airosa do desafío de manter boa parte dos achados visuais, cómicos, emotivos e ata existencialistas da súa predecesora.

Riley (a voz de Kensington Tallman na versión orixinal subtitulada) xa non é a nena do primeiro filme senón unha adolescente con brackets e acné que celebra o seu aniversario número 13 con mamá (Diane Lane) e papá (Kyle MacLachlan) na casa familiar de San Francisco. Talentosa xogadora de hóckey, á protagonista ofrécenlle a oportunidade de ir xunto ás súas dúas mellores amigas, Grace (Grace Lu) e Bree (Sumayyah Nuriddin-Green), a un campamento no que a adestradora dun colexio secundario de elite elixirá as novatas que se sumarán ao equipo campión.

En *Do revés 2* (2024) volven Alegría (Amy Poehler), Tristeza (Phyllis Smith), Furia (Lewis Black), Temor (Tony Ale) e Desagrado (Liza Lapira), pero na nova etapa madurativa, e fronte a unha instancia de proba que amplifica a presión e a autoesixencia, afloran novos sentimentos como Ansiedade (Maya Hawke), Envexa (Ayo Edebiri), Vergoña (Paul Walter Hauser) e Ennui (desinterese, aburrimiento, coa voz afrancesada de Adèle Exarchopoulos).

A maneira en que Kelsey Mann retrata as fortes tensións internas de Riley divirten, pero tamén conmoven: ela abandonará as súas amigas para achegarse ás mozas máis grandes que xa forman parte do equipo de hóckey, abandonará o seu espírito solidario e colectivo para exaltar o individualismo (como marcar todos os goles que poida para acadar o recoñecemento da adestradora), mentres o seu interior é unha ebullición de alporizadas hormonas e contradicións íntimas que se expoñen no universo paralelo da película coa titánica loita entre os sempre hilarantes personaxes que dan vida aos seus sentimentos.

Quizais algo menos ambiciosa e profunda nesa exploración psicolóxica que soubo seducir ao público adulto que apreciou o filme orixinal, pero igualmente eficaz no terreo do entretemento básico, puro e directo, *Do revés 2* é un deleite tanto visual como no ámbito da comedia física. O que xa nos parece como algo dado (a excelencia da animación) non deixa de ser un prodixio artístico. Así, Pixar recupérase dalgúns tropezoos parciais e retoma o nivel dos seus mellores traballos. Bienvenido sexa.